

Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

Orde do 2 de novembro de 2023 pola que se modifica a Orde do 19 de maio de 2023 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 para o curso 2023/2024 e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS420C).

O 5 de xuño de 2023 publicouse no número 105 do *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 19 de maio de 2023 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 para o curso 2023/2024 e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS420C).

Esta orde ten por obxecto convocar, en réxime de concorrencia non competitiva, o procedemento de concesión de axudas económicas a entidades privadas para promover a aplicación nas escolas infantís 0-3 anos da súa titularidade dunha bonificación do 100% do prezo correspondente á atención educativa prestada aos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia entre o 1 de setembro de 2023 e o 31 de agosto de 2024 (código de procedemento BS420C).

Así mesmo serán destinatarias da concesión destas axudas económicas as entidades privadas xestoras destes recursos que acrediten a aplicación dunha bonificación do 100% do prezo correspondente á atención educativa prestada dende o inicio do dito curso.

A presente modificación ten por obxecto concretar os meses efectivos da gratuidade da atención educativa mantendo o máximo de 11 meses por curso, excluindo o mes de agosto ao considerar que a maioría das escolas infantís 0-3 están pechadas por baixa demanda, incrementar o crédito en 660.000€ na anualidade 2023 e en 1.155.000€ na anualidade 2024 na aplicación orzamentaria 13.02.312B.470.2 debido ao aumento do número de nenos e nenas asistentes ás escolas infantís 0-3, facilitar o acceso á esta convocatoria de axudas a aquelas entidades cuxos prezos se sitúan por debaixo dos topes previstos nela, para que poidan compensar, de ser o caso, o incremento experimentado polos prezos das subministracións e outros gastos correntes que repercuten nos custos das prazas, adiantar o prazo de xustificación para proceder tamén ao adianto da tramitación da axuda e proceder ao pagamento da axuda complementaria polo aumento de prazas ou do reintegro pola diminución delas, no seu caso.

En consecuencia, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Artigo único. *Modificación da Orde do 19 de maio de 2023 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 para o curso 2023/2024 e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS420C)*

A Orde do 19 de maio de 2023 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 para o curso 2023/2024 e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS420C), queda modificada como segue:

Un. O número 1 do artigo 1, referido ao obxecto da convocatoria, queda redactado como segue:

“1. Esta orde ten por obxecto convocar, en réxime de concorrencia non competitiva, o procedemento de concesión de axudas económicas a entidades privadas para promover a aplicación nas escolas infantís 0-3 anos da súa titularidade dunha bonificación do 100% do prezo correspondente á atención educativa prestada aos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia entre o 1 de setembro de 2023 e o 31 de xullo de 2024 (código de procedemento BS420C).”

Dous. O número 1 do artigo 2, referido ao financiamento, queda redactado como segue:

“1. Ás axudas obxecto desta convocatoria destínase un orzamento total de 43.285.939 euros, coa seguinte desagregación:

Aplicación orzamentaria	Código proxecto	Ano 2023	Ano 2024	Total
13.02.312B.470.2	2020.00052	11.395.576	19.942.260	31.337.836
13.02.312B.481.3	2020.00052	4.344.765	7.603.338	11.948.103
TOTAL		15.740.341	27.545.598	43.285.939

“

Tres. O número 2 do artigo 4, referido ao tipo de axuda e contía, queda redactado como segue:

“2. As axudas calcularanse en función das tarifas da escola infantil no curso 2023/2024, as cales poderán incrementarse, respecto das do curso anterior, ata un 7,5 % sen superar o tope de 329 euros por atención educativa no cal está incluída a parte proporcional da matrícula. No caso de escolas infantís cuxo prezo por xornada completa unha vez realizado o incremento do 7,5% indicado resultara inferior a 200 euros poderán realizar un incremento de ata o dito

prezo de 200 euros. O cálculo deste importe obterase multiplicando 11 mensualidades, como máximo, polo nº de prazas ocupadas na escola infantil a data 1 de xuño de 2023 e polas tarifas correspondentes..”

Catro. O número 1 do artigo 15, referido á xustificación das axudas, queda redactado como segue:

“1. Para a xustificación da axuda concedida, con base no establecido no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e máis nos artigos 44 e 52 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e tendo en conta o obxecto e a natureza destas axudas, as entidades beneficiarias deberán achegar coa data límite do 31 de xullo de 2024, a seguinte documentación:”

Disposición adicional única. *Apertura do prazo de presentación de solicitudes*

Ábrese un novo prazo de presentación de solicitudes que será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes presentadas segundo o establecido no parágrafo anterior tramitaranse de acordo coas bases establecidas na Orde do 19 de maio de 2023 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 para o curso 2023/2024 e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS420C).

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2023

A conselleira de Política Social e Xuventude

Fabiola García Martínez